



21º CONCURSO DE PINTURA INFANTIL DA CAMELIA

BASES DO CONCURSO

1º Poderán concorrer todos os nenos e todas as nenas da nosa autonomía de entre 3 e 12 anos. Haberá 3 categorías:

- A: de 3 a 6 anos.**
- B: de 7 a 9 anos.**
- C: de 10 a 12 anos.**

2º Cada concursante poderá presentar unha única obra, con soporte en cartolina ríxida ou material similar e en tamaño A4.

3º O tema será "A Camelia".

4º A técnica a empregar será libre, recomendándose as ceras, témporas, acuarelas, rotulacións, lapis de cores, etc.

5º Na parte de atrás do traballo figurarán: nome completo do autor ou autora, endereço, número de teléfono, idade e centro escolar.

6º Os traballos terán que entregarse antes do 5 de marzo no teu colexio (se estás matriculado nalgún dos centros escolares de Vedra) ou na Casa do Concello no seguinte endereço:

Concello de Vedra
Avda. Mestre Manuel Gómez, 1
15885 Vedra (A Coruña)

7º O xurado estará formado por membros da Asociación Amigos da Camelia, do Concello de Vedra e persoas destacadas do mundo das artes. O fallo do xurado darase a coñecer o 10 de marzo e publicarase na páxina web do Concello www.concellodevedra.com.

8º Haberá un 1º, 2º e 3º premio para cada categoría.

- 1º premio: Tablet**
- 2º premio: Xogo educativo/creativo**
- 3º premio: Lote de libros**

9º Todos os traballos presentados ao concurso serán expostos no facebook do Concello de Vedra:
www.facebook.com/concellodevedra

10º A entrega de premios ás persoas gañadoras determinarase con cada un/unha dos/das premiados/as atendendo as medidas de seguridade vixentes na data do fallo do xurado.

11º Todas as persoas participantes pola súa mera presentación aceptan integralmente as bases deste concurso.

12º A organización reservase o dereito de modificar, eliminar ou agregar calquera punto a estas bases.